

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR (FUNDACIÓN CETMAR) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "MULLERES, ACUICULTURA E REFORZO INSTITUCIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA ECONOMÍA AZUL NA REXIÓN DE PIURA, MAR DE PIURA, O PERÚ"**

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmárcase no establecido na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. O artigo 85 da citada Lei enuncia entre as prioridades da Cooperación Galega, a agricultura, a pesca e acuicultura sustentables con enfoque de soberanía alimentaria.

Tamén que o V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026 establece como Ámbito Estratéxico 2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida, para o cal o Plan anual 2025 prevé dar continuidade á cooperación de carácter técnico en materia de pesca e acuicultura coa Fundación CETMAR.

(2) Antecedentes: A Fundación CETMAR é unha fundación pública de interese galego con longa experiencia e que ten entre os seus obxectivos colaborar no desenvolvemento do sector da pesca e acuicultura, executando proxectos pesqueiros e acuícolas cun enfoque de cooperación para o desenvolvemento e soberanía alimentaria.



Con esta entidade se asinan convenios de colaboración anuais para a posta en marcha de proxectos de asistencia técnica en materia de pesca e acuicultura, un dos sectores de especialización da Cooperación Galega, onde se pode aportar un maior valor engadido pola experiencia de institucións como o CETMAR.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á colaboración co CETMAR en apoio ao sector pesqueiro e acuícola en Perú, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas desde o día 1 de xaneiro de 2025, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(4) O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación CETMAR no proxecto denominado “Mulleres, Acuicultura e Reforzo Institucional para o desenvolvemento sostible da Economía Azul na Rexión de Piura, Mar de Piura, O Perú”.

O proxecto ten como obxectivo o fortalecemento produtivo das iniciativas empresariais situadas na Baía de Sechura e reforzo dos mecanismos de gobernanza na rexión de Piura para aumentar a súa capacidade de adaptación fronte aos efectos do cambio climático.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de asistencia técnica en apoio ao fortalecemento do sector pesqueiro e acuícola nos países socios realizadas pola Fundación CETMAR, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a necesidade da súa posta en marcha, así como a natureza específica da entidade destinataria, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de



Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrència pública dada a especificidade das actividades que son de interese público e maila natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do custo total do proxecto, que ascende a cento seis mil oitocentos corenta e oito euros con setenta e sete céntimos (106.848,77 €), aboará á Fundación CETMAR a contía máxima de cen mil euros (100.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.07.331A.443.20 do orzamento vixente para o ano 2025.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

